

**ANUNCIO****RESULTADO FINAL DO PROCESO SELECTIVO FRAUTA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE MESTRES/AS DE SAXOFÓN PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE AMES (EMMA)**

De acordo coa Acta levantada polo secretario do Tribunal encargado de xulgar as probas do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de traballo de mestres/as de saxofón para a escola municipal de música do Concello de Ames, nomeado por Decreto da Alcaldía núm. 2390/2018, de 30 de outubro, acórdase:

**Primeiro.-** Declarar que non se presentaron alegacións á fase de concurso nin a fase de oposición do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de traballo de mestres/as de saxofón de escola municipal de música do Concello de Ames.

**Segundo.-** Outorgar as puntuacións finais que de seguido se indican aos/ás aspirantes que superaron o proceso selectivo, unha vez sumadas as puntuacións obtidas nas fases de concurso e de oposición:

Aspirante	Concurso	Oposición		Total
		1º ex.	2ºex.	
Cadaveira Martínez, Patricia María	6,785	8,6	7,70	23,085

**Terceiro.-** Propoñer como candidatos/as para a elaboración dunha bolsa de traballo de mestres/as de saxofón de escola municipal de música do Concello de Ames, aos/as aspirantes que superaron o proceso na orde establecida pola puntuación final acadada por cada un/unha deles/as, e que queda como segue:

**BOLSA DE TRABALLO DE MESTRES/AS DE SAXOFÓN DA EMMA**

1. Cadaveira Martínez, Patricia María

**Cuarto.-** Contra o presente acordo, que non pon fin a vía administrativa, os interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico, alcalde-presidente da Corporación, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente proposta do tribunal cualificador, conforme ao disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Ames, 29 de novembro de 2018  
O secretario do Tribunal,

Marcelino Portals Coto